

Programa de Portátiles de Centro
NORMATIVA DE USO
GUÍA DE MANTEMENTO E COIDAD DO NETBOOK
(Proxecto ACER-EUN)
Curso: 2010-2011

Estes equipos son do Proxecto ACER. Un proxecto de ámbito europeo para a aplicación das T.I.C na aula. Vai dirixido este curso especificamente a todo o alumnado de 2º da ESO. O proxecto tenta implementar mediante a experimentación activa a escola T.I.C 2.0. Polo tanto hai que entender que son un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito da participación do IES de Pastoriza no devandito Proxecto. O alumnado ao que van dirixidos deberá cumprir e respetar en todo momento a normativa de uso establecida de maneira xenérica no R.R.I e mesmo a que aquí se especifica para estes equipos, sabendo que o incumprimento da mesma, acarreará, ademais da perda dos privilexios de uso e participación no Proxecto ACER, calquera das sancións que se establecen no devandito Regulamento.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras, as que a continuación se sinalan:

- a) A retirada de privilexios de utilización do netbook.
- b) A retirada temporal ou definitiva do mesmo
- c) Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclua no R.R.I do instituto

Ademais da normativa de uso xeral, estes EQUIPOS están suxeitos dada a súa especificidade a unha normativa propia e complementaria que aquí se explicita:

1. Antes de coller o netbook das taquillas establecidas para gardalos os alumnos deixarán as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
2. Cada alumna/a irá a taquilla que ten asignada por orde. E en ningún caso se acudirá en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
3. Sempre se collerá o netbook coas dúas mans, de xeito que ó levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
4. Cada un dos netbooks ten unha etiqueta identificativa que se corresponde con cada alumno/a . De ahí que sempre se collerá o portátil que se ten asignado para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
5. O alumno non acenderá o netbook ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.

6. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre a ferramenta nin cando esté aberta nin cando esté pechada a tapa.
7. A pantalla é moi delicada. Non se debe tocar nunca cos dedos nin con ningún obxecto.
8. Cando o profesor teña que interrompirlle o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos netbooks sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
9. Cada alumno/a terá un nome de usuario que se corresponde co do netbook que ten asignado co fin de facilitar o rexistro da súa actividade.
10. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos, velando polo súa orde e a súa conservación.
11. Cada alumno/a será responsable de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.
12. Os alumnos devolverán o equipo ao lugar que lle corresponde na taquilla, asegurándose de que queda conectado ao cargador. Irán por orde evitando aglomeracións.
13. Cada equipo é responsabilidade do alumno/a ao que é asignado, diante de calquera incidencia técnica co mesmo deberán de cubrir a ficha para o levar ó centro de asistencia ou poñela en coñecemento do Coordinador TIC do centro
14. Durante os recreos estes equipos non se poderán baixar á biblioteca nin a ningún outro lugar aínda que estea habilitado para traballar coa rede wifi do centro. Neste tempo os equipos deixaranse no estante correspondente habilitado na clase, apagados e conectados á rede eléctrica para recargar a batería.
15. No caso de que se esgote a batería por non cumprir a anterior norma o grupo de alumnos ós que se lle ten asignado o portátil deberán de continuar a clase sen el.
16. Cando os alumnos se teñan que desprazar a unha aula específica deberán levar os equipos sempre na bolsa de transporte.
17. É responsabilidade do alumno/a o coidado do equipo asignado e o seu mantemento en bó estado. Para elo debe preservalo de temperaturas extremas, a humidade e mesmo evitar golpes ou colocar calquera obxecto enriba del
18. A información que se almacena nestes equipos estará relacionada con tarefas educativas, polo que non se permite a instalación de ningún programa, aplicación ou material que non estea en relación directa co uso docente e sempre co permiso e supervisión do profesor de turno.
19. O uso de rede do centro terá sempre unha finalidade educativa. Queda por elo prohibido o acceso a páxinas cuxos contidos non sexan de carácter educativo
20. É obrigatorio entregar o netbook ao profesor que o solicite para a súa revisión. En caso de detectar un mal uso do equipo este poderá serlle retirado ao alumno e aplicarlle se fora o caso a sanción que se determine no R.R.I do centro.
21. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respectar pode traer consigo a restricción do acceso ó mesmo ou a súa retirada definitiva.

1.- ASIGNACIÓN DOS NETBOOKS E COIDADOS BÁSICOS

Cada alumno do centro recibirá ao incorporarse ao 2º curso da ESO un equipo do que será responsable mentres estea matriculado no mesmo con independencia do momento no que fai a matrícula e ata que remate a súa permanencia no centro .

Os equipos permanecerán sempre no centro que é o depositario dos mesmos.

1.1.-Coidados básicos do portátil.

- a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
- b) Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.
- c) Non se pode coller o equipo pola pantalla, sempre debe transportarse collendoo pola base.
- d) Evitar sempre tocar a pantalla cos dedos ou con calquera obxecto.
- e) Evitar a exposición do netbook ó sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.
- f) Está prohibido sacar o equipo do Centro.
- g) O portátil terá que estar na taquilla correspondente cando non se estea a utilizar e procurando que estea a cargar a batería en caso de precisalo.
- h) Cando haxa que trasladar o equipo polo centro deberá facerse con todo o coidado posible, evitando correr e procurando levalo ben suxeito.
- i) Para gardar o seu traballo cada alumno debe dispor dun lápiz de memoria que funcionará a xeito de mochila electrónica

1.1.- Contrasinias.

- a) Cada alumno recibirá un contrasinal de uso que non deberá de facilitarse a ninguén.
Sendo responsabilidade do alumno manter en segredo o contrasinal que se lle ten adxudicado
- b) O cambio de contrasinal está prohibido nestes equipos

2.- GARDA E CUSTODIA DO PORTÁTIL NA CLASE.

- a) Cada alumno/a é responsable da custodia do netbook que se lle ten adxudicado, debendo de telo sempre vixiado durante o horario lectivo.
- b) Cando non o precise para traballar na aula, depositarán no espazo que ten asignado na taquilla que ten a tal efecto na súa aula.
- c) Cada alumno/a será responsable da chave da súa taquilla e do contido desta. En caso de perda da chave, ademais da sanción disciplinaria correspondente, o alumno/a terá que abonar os gastos de derivados da copia da chave.

3.-O PORTÁTIL NO INSTITUTO.

3.1.- Normas de utilización do portátil no instituto

- a) Cando se traslade de clase deberá levarse sempre con moito tino e sen correr para evitar caídas ou golpes
- b) Cando haxa que recollerse o equipo, farase na orde indicada polo profesor correspondente.
- c) As baterías deberán deixarse cargando, se é preciso, durante os recreos.
- d) O cargador que se suministra co equipol debe permanecer sempre na taquilla, agás cando precise ser cargado.
- e) Queda terminantemente prohibido levar o portátil ó recreo.

3.2.- O portátil na clase

- a) Antes de coller o portátil o alumno/a deixará a súa mesa libre, para evitar ter que deixalo en situación de equilibrio precario.
- b) O alumno/a non acenderá o portátil ate recibir a orde expresa do profesor.
- c) Cando o profesor teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaránse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos.
- d) Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aferrar batería.
- e) Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o alumno/a precise axuda do profesor, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula de clase.
- f) Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento no escritorio, dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
- g) Cada alumno será responsable de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ó finalizar a clase.

3.3.- Responsabilidades derivadas do uso do netbook

Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu equipo. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:

- a) Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restriccións que teña o portátil.
- b) Por ser unha fonte importante de virus, queda totalmente prohibida a instalación de programas P2P (eDonkey, Kazaa, eMule, Ares, etc...) no ordenador
- c) A utilización da conta doutra persoa estará suxeita a accións disciplinarias e aquelas outras que a lexislación vixente determina para estes casos.
- h) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior do Centro. O vandalismo conlevará á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- i) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sanción disciplinarias que se contemplan no Regulamento de Rexime Interior da centro e aquelas outras que determine a lexislación vixente.
- j) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto no R:R.I.
- k) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- l) Revelar información persoal.
- m) A falsificación ou o seu intento.
- n) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita a lexislación vixente.
- o) Trasladar o equipo ó recreo ou fora do centro.
- p) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- q) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais

4.- CUSTODIA E TRASLADO DO PORTÁTIL NO CENTRO

4.1 Custodia e traslado xeral

- a) En caso de avaría, virus, mal funcionamento ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Por iso ***deberase facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador na rede.***
- b) Cando o alumno/a teña que trasladar o equipo a outra clase, sempre o fará respetando as indicacións que figuran nesta normativa
- c) Os portátiles, unha vez rematada a xornada lectiva permaneceran ni Instituto gardados en cada clase nas taquillas asignadas a cada alumno/a e baixo chave.

4.2.- Averías do portátil

4.2.1.- Averías comúns

- a) Cando o portátil estea avariado, deberá de seguirse a clase con outro compañeiro
- b) Os portátiles avariados deberán acompañarse dunha ficha-protocolo para o seu arranxo que deberá depositarse nas dependencias do *Club de informática* no horario que se estableza oportunamente.
- c) Se a avaría fose de índole menor o alumno/a esperará e estará presente mentres se solucione o problema, na procura de establecer unha cadea de formación que permita a calquera alumno/a arranxar de xeito autónomo as avarías máis sinxelas. En caso de ser máis grave, deixará o equipo en depósito ata ser avisado, unha vez resolto o problema, a través do medio que se estableza. En calquera caso unicamente o alumno propietario pode recuperar o seu portátil e só a el lle será entregado.

4.2.2.- Averías debidas a uso indebido

- a) Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ó alumno. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras a que houbese lugar e recollidas nesta normativa o no R.R.I do Centro
- b) Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ó uso indebido ou ó coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación no Proxecto Ponte dos Brozos.
- c) As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o alumno o que terá que pagar o custe da mesma.

5.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

O PORTÁTIL É UN INSTRUMENTO DE TRABALLO ESCOLAR Ó QUE SE TEN ACCESO POLO FEITO DE PARTICIPAR NO PROXECTO ACER-EUN. O ALUMNADO E OS SEUS PAIS OU TITORES LEGAIS ADMITEN DENDE UN PRINCIPIO AS NORMAS ESTABLECIDAS PARA O SEU USO E, QUE O INCLUMPRIMENTO DAS MESMAS, PODE SER OBXECTO DALGÚN TIPO DE SANCIÓN.

AS SANCIÓNS QUE SE PODERÁN CONTEMPLAR, EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE DO INCLUMPRIMENTO SON:

- A RETIRADA DE PRIVILEXIOS DE UTILIZACIÓN DO PORTÁTIL.
- A RETIRADA DO PORTÁTIL POR UN TEMPO DETERMINADO.
- INTERRUMPIR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNO NO PROXECTO.
- UNHA SANCIÓN ECONÓMICA QUE SE DETERMINARÁ EN CADA CASO TENDO EN CONTA A NATUREZA E GRAVIDADE DA DESPERFECTO CAUSADO.
- CALQUERA OUTRA APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR E QUE SE INCLUA NO REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO INSTITUTO

Quedo enterado e acepto a presente normativa que asino.